



A MALETA

(Da obra "... e din que chove")

Manuel Ayán Díaz. Avelaíña Teatro

Unha maleta á esquerda, unha bomba á dereita. No medio Dolores

Voz con eco: (é o subconsciente que recorda) Supérate .. Supérate .. Altius ... Fortius ... Citius ... Serás alguén na vida.

Dolores: Esfórceime: eslumeceía por gozar do paraíso prometido: tituleime ... idiomas ... másteres ... bolseira. Estaba a piques de saborear a gloria. Atesourei cultura, clase, roupa ... Gasto o tempo en mandar currículos, en facer proxectos ... Recibo parabéns, promesas ... merda! Son un recruta do exército da mocidade parada.

Ocupamos as prazas coa alma caída a xiróns ... Enfurecidos erguemos os puñais contra o baleiro: os mercados, os tempos, os fados ... ou contra nós mesmos: "equivoqueime ... son unha inútil ... a culpa é miña ... o mellor é que me quite do medio" ...

A promesa dunha vida digna era unha argana que levou o vento ... Regresei á casa dos meus vellos, pensionistas. Grazas a eles son un corpo que sobrevive. Aparento manter o tipo ... Estou no límite ! ... Emigrar ou poñer a bomba ... Ese é o destino da miña xeración, a xeración ben preparada, a xeración malograda, a xeración á que se lle nega o teito e o traballo e se lle ofrece a maleta. A maleta, a vella maleta, sempre a maleta ... !

Lembra a CANTIGA de Curros, tatabexa a música e canta tres estrofas:

Lonxe dela de pé sobre a popa
dun aleve negreiro vapor,
emigrado, camiño de América,
vai o probe, infelis amador.

I ó mirar as xentís andoriñas
cara á terra que deixa cruzar:
"¿Quen puidera dar volta -pensaba-

quen puidera convosco voar"

Noites craras, de aromas e lúa,
desde entón ¿Que tristeza en vós hai
prós que viron chorar unha nena
prós que viron un barco marchar!

A maleta é a metáfora de Galiza !
Non a vaca. Non! ... A maleta tiña que
estar gravada no escudo ... Unha maleta
e sete hostias!

Unha mocidade triste, unha maleta
nova, un billete de ida, unhas bágoas
de sangue arrebolando pola meixela
... Un sorriso xélido... Un corazón que
palpita amargura ... E marchar ... Marchar
mirando para atrás na procura dunha
patria de adopción! ... O noso cartaz! ...

- Voz con eco (o subconsciente nun
claroscuro do escenario) Serán cientí-
ficos ilustres, queridos e estimados na súa
nova nacionalidade ...

Voz masculina: Poesía de Neruda.

"El destierro es redondo:
un círculo, un anillo:
le dan la vuelta tus pies, cruzas la
tierra
no es tu tierra,
te despierta la luz, y no es tu luz,
la noche llega: faltan tus estrellas,
hallas hermanos; pero no es tu
sangre.
Eres un fantasma avergonzado ...
...
Destierro! La distancia
se hace espesa,

respiramos el aire por la herida:
vivir es un precepto obligatorio.
Así es de injusta el alma sin raíces:
rechaza la belleza que le ofrece:
busca su desdichado territorio
y sólo allí el martirio o el sosiego."

Patética situación ... Unha recua de
mozos coa maleta de cara ao Norte ...
Coa alma esgazada da terra ... Os gabiáns
desplumaron a esperanza ...

Voz feminina: La fuga de jóvenes al
extrajero es motivo de orgullo. Tendrá
efectos muy positivos en nuestra
economía.

Voz masculina: Teneis tres salidas:
por tierra, mar y aire

Fillos de puta! ... E vós unha ... Unha
bomba ... e ao infemo esmendrellados!
Óptimos e tirados como desperdicios
na beiramúa ... Aldeas enteiras despo-
boadas, á venda, Galiza está de gangas ...
E non hai un lugar para nós..!

Apesta a atmosfera! ... Atufa a
comupción! ... Fedor de prostíbulo ...
É que perdín o sentido da realidade?
É que a realidade ten sentido? Ulo? ...
Mozos sen traballo, vellos sen descanso
... casas sen xente, xente sen casa ... Só
percibo o cheiro da descomposición
social, dos dereitos devorados, das
vidas destripadas, da agonía laboral,
da podrea do poder ... Os cabalos
do Monstro atropelan ... atropelan ...
atropelan.

Somos netos e fillos deses xestores
que están a devorar o mundo, conven-
cidos de que o mundo é a súa mazá...
A utopía deles estase a cumprir: a uto-
pía das gaivotas: mudar o planeta nun